

**MEMORIA RELATIVA AOS ANTECEDENTES, RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E OBXECTIVOS PERSEGUIDOS COA APROBACIÓN DUN PLAN ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS TURÍSTICOS CON ELEVADO INCREMENTO POBOACIONAL, PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DE 2025**

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio) atribúelle a este departamento as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración Local, así como as competencias en materia de asistencia á Administración Local e o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

O artigo 29 do mesmo decreto establece que é competencia da Dirección Xeral de Administración Local, as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder municipal, así como o fomento das liñas de colaboración cos concellos galegos no referente á convocatoria e execución das subvencións a eles destinados.

Os concellos deberán prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, sinala que lles corresponde ás comunidades autónomas coordinar as actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial; con este obxectivo, así como co de obter un funcionamento homoxéneo destes corpos e acadar unha acción conxunta e eficaz no sistema de seguridade pública galega, promulgouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia (que veu substituír á Lei 3/1992, do 23 de marzo), na que se prevé que se poderá incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de efectivos con funcións de auxiliar de policía, naqueles concellos con aumento notorio de poboación en tempadas determinadas.

Pola súa vez, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas; entre estas, a da seguridade en lugares públicos.

No marco xurídico descrito, a Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos como Administración máis próxima aos administrados; por este motivo, atopa de interese colaborar cos concellos turísticos de Galicia no reforzamento da vixilancia e da seguridade durante a tempada de verán, aumentando a eficacia dos seus corpos de policía local no desenvolvemento das funcións que lle son propias.

Esta colaboración concrétese no apoio á contratación de persoal auxiliar de policía local durante a tempada de verán, de xeito que se preste un mellor servizo á poboación que reside neses concellos e, en termos xerais, ao conxunto da poboación de Galicia. E asemade, préstase un apoio inequívoco ao mantemento dun importante tecido socioeconómico e da prestación de servizos e á mellora da convivencia no ámbito local, que é o máis próximo á cidadanía e que incide de xeito máis directo na poboación.



Non podemos esquecer que ás dificultades que para as facendas municipais representa afrontar os compromisos económicos do reforzamento dos cadros da policía local durante a tempada de verán úneselle a necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos nun contexto de estabilidade orzamentaria que atinxe a todas as administracións públicas, sen que a Administración local constitúa unha excepción neste sentido. Neste escenario, a Xunta de Galicia, no marco do fomento das liñas de colaboración coas entidades locais, apoia activamente o significativo esforzo en materia de seguridade cidadá e vixilancia que os concellos deben realizar, esforzo directamente relacionado co notorio incremento poboacional de carácter estacional do que é representativo o número de prazas de aloxamento con que estes concellos contan.

É nestes concellos onde se pon de manifesto a especial necesidade de protexer e de velar pola seguridade da cidadanía, aspecto no que os corpos de policía desempeñan, obviamente, un labor esencial; é por iso que a Xunta de Galicia quere apoiar mediante este plan o reforzamento dos cadros de persoal coa contratación temporal de efectivos con funcións de auxiliar de policía.

O Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades galegas (de aplicación ás subvencións concedidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos beneficiarios sexan as entidades locais galegas), contempla que o órgano competente para a concesión de subvencións poida elaborar un plan específico para liñas especiais de subvencións de carácter singular dirixidas ás entidades locais, cando existan razóns de interese público, social, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria e así se recolla no plan.

Este plan específico deberá ter carácter programático, referido a un ámbito territorial concreto, a un tipo de beneficiarios, actuacións preferentes ou outros obxectivos e cuxo contido non creará dereitos nin obrigas.

En atención ao anteriormente exposto, estimando que concorren as circunstancias de interese público, polo que supón de apoio en materia de seguridade cidadá e vixilancia e de contribución ao mantemento dun importante tecido socioeconómico e da prestación de servizos, redundando todo iso na mellora da vida local que é o ámbito máis próximo e que incide de xeito máis directo na vida da cidadanía, elabórase o Plan Específico de Subvencións a concellos de Galicia para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2025.

## Concellos beneficiarios e modalidades de axuda

A selección dos concellos subvencionados realízase con base no cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Que teñan unha **poboación igual ou superior a 5.000 habitantes**, segundo as cifras oficiais de poboación de 2024 ofrecidas polo Instituto Galego de Estatística desde o padrón municipal de habitantes.
2. Que experimenten na tempada de verán un incremento estacional de poboación medido polo número de prazas de aloxamento, cun **mínimo de 1.000** entre hoteis, pensións, albergues turísticos, establecementos de turismo rural, apartamentos turísticos, campamentos de turismo e vivendas turísticas. Para a determinación deste requisito utilizaranse os últimos datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística, procedentes da Axencia de Turismo de Galicia e referidos ao último ano dispoñible (2024).



3. Que estean en posesión da **declaración de municipio turístico galego**, de conformidade co establecido no Decreto 32/2015, do 19 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico (DOG núm. 41, do 2 de marzo).
4. Que contén un **corpo de policía local**, segundo os datos facilitados pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
5. Que participen no **proceso selectivo unitario** para a cobertura de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 25 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local. Código de procedemento PR461A (DOG núm. 41, do 28 de febreiro).

Alternativamente, que teñan convocado procesos selectivos para a cobertura de postos de auxiliares de policía local e **remitiran as bases reguladoras** para a emisión de ditame pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, segundo o previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

A aplicación dos anteriores criterios de selección dá como resultado unha proposta a favor de 8 concellos. Son os que se relacionan a seguir:

Concello	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2024)	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2025	Procesos selectivos 2025
Baiona	4.987	12.380	31/05/1999	SI	13	PSU
Grove, O	10.216	10.216	03/01/2000	SI	15	PSU
Guarda, A	2.837	10.041	15/06/2001	SI	5	PSU
Miño	1.873	6.946	10/10/2000	SI	3	PSU
Monforte de Lemos	1.282	18.560	03/01/2000	SI	19	BBRR
Poio	4.204	17.425	02/06/2000	SI	10	PSU
Sanxenxo	29.918	17.914	31/05/1999	SI	25	PSU
Vilagarcía de Arousa	2.983	37.761	24/08/2004	SI	41	PSU

Estes concellos deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos, que acreditarán con carácter previo á formalización do convenio:

- a. Teren remitidas as contas do exercicio orzamentario 2023 ao Consello de Contas de Galicia. Este requisito deberá estar cumprido o 31 de maio de 2025, é dicir, antes do comezo do período subvencionable.
- b. Non estaren incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



## Gastos subvencionables e financiamento

Para a consecución do obxectivo a que se refire este plan, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes destinará ata un máximo de CENTO CORENTA E CINCO MIL EUROS (145.000,00 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 05.04.141A.460.0 (C.P. 2015 00095), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles en que incorrese o concello como consecuencia da contratación dos auxiliares de policía local durante a temporada de verán (xuño, xullo, agosto e setembro de 2025), aínda que se teñan producido con anterioridade á sinatura do convenio, sempre que se trate de gastos correspondentes ao período subvencionable.

O número de contratos temporais que efectúe o concello, e que subvencionará a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, non poderá superar o cincuenta por cento do persoal funcionario da policía local do concello petionario, coa excepción prevista no artigo 95.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia.

## Criterios de distribución

A distribución do crédito dispoñible, que ascende a 145.000,00 €, realízase con base nos seguintes criterios:

- Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente máis do 75% sobre o total de poboación: 30.000,00 € (Sanxenxo e O Grove)
- Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente máis do 40% sobre o total de poboación: 20.000,00 € (Baiona)
- Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente máis do 20% sobre o total de poboación: 15.000,00 € (A Guarda, Miño e Poio).
- Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente unha porcentaxe igual ou inferior ao 20% sobre o total de poboación: 10.000,00 € (Vilagarcía de Arousa e Monforte de Lemos).

Concello	Total prazas aloxamento (IGE 2024)	Poboación (IGE 2024)	% prazas sobre total poboación	Importe da subvención
Baiona	4.987	12.380	40,28%	20.000,00 €
Grove, O	10.216	10.821	94,41%	30.000,00 €
Guarda, A	2.837	10.041	28,25%	15.000,00 €
Miño	1.873	6.946	26,97%	15.000,00 €
Monforte de Lemos	1.282	18.560	6,91%	10.000,00 €
Poio	4.204	17.425	24,13%	15.000,00 €
Sanxenxo	29.918	17.914	167,01%	30.000,00 €
Vilagarcía de Arousa	2.983	37.761	7,90%	10.000,00 €
<b>TOTAL</b>				<b>145.000,00 €</b>



## Instrumento de concesión das subvencións e órgano instrutor

De conformidade co previsto no artigo 5.3 do Decreto 193/2011, do 7 de outubro, para a canalización das subvencións previstas neste plan específico formalizaranse os correspondentes convenios de colaboración con cada un dos concellos. Os convenios axustaranse ao modelo incorporado como anexo II ao Plan específico, que respecta o contido mínimo fixado polo devandito precepto regulamentario.

Mediante estes convenios contraeranse os compromisos económicos concretos que se deriven das obrigas asumidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para colaborar nas referidas contratacións.

A Dirección Xeral de Administración Local será o órgano competente para a instrución dos procedementos que deriven da aplicación deste Plan Específico de subvencións; en particular, corresponderalle a realización dos trámites necesarios e da obtención da documentación que os concellos deban achegar para a formalización dos convenios previstos neste plan.

A aprobación do Plan específico de subvencións a concellos turísticos con elevado incremento poboacional, para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2025 require os informes previos da Asesoría Xurídica, do Equipo de Axudas de Estado e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso  
*(documento asinado dixitalmente na marxe)*

